

MEMORIA XUSTIFICATIVA E ECONÓMICA DA ADDENDA CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN E O CONCELLO DA CORUÑA PARA A ACREDITACIÓN DA FORMACIÓN PARA O EMPREGO IMPARTIDA POLO SERVIZO MUNICIPAL DE EMPREGO DO CONCELLO

Entre as competencias que, en materia laboral, lle corresponden á Comunidade Autónoma de Galicia, conforme ao establecido no artigo 29.1 do Estatuto de Autonomía de Galicia, está a promoción do emprego e a formación profesional ocupacional, tendo atribuído o seu exercicio a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, de conformidade co establecido no Decreto 69/1993, de 10 de marzo, de asunción e asignación das funcións e servizos transferidos en materia de formación profesional ocupacional.

O artigo 29 do Decreto 147/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración (DOG núm. 101, do 27.05.2024) atribúe á Dirección Xeral de Formación e Cualificación para o Emprego, entre outras, as competencias en materia de dirección, programación e xestión das funcións atribuídas á Consellería en materia de formación para o emprego, formación no traballo, cualificacións e recualificacións profesionais ao longo da vida laboral, intermediación no mercado de traballo, colocación e orientación laboral, así como a estatística, a análise e a prospectiva do mercado de traballo.

O artigo 7.3 da Lei 3/2023, do 28 de febreiro, de emprego expón que corresponde ás Corporacións Locais, no marco das súas competencias, a colaboración e cooperación coas demais administracións para o logro dos obxectivos da política de emprego establecidos no artigo 4 e demais contidos na lexislación de referencia, sendo de especial relevancia o desenvolvemento da dimensión local da política de emprego.

A Lei Orgánica 3/2022, do 31 de marzo, de ordenación e integración da Formación Profesional (en adiante, Lei Orgánica 3/2022) ten por obxecto a regulación do réxime de formación profesional e de acompañamento profesional que, servindo ao fortalecemento, a competitividade e a sustentabilidade da economía española, sexa capaz de responder con flexibilidade aos intereses, ás expectativas e ás aspiracións de cualificación profesional das persoas ao longo da súa vida e ás competencias demandadas polas novas necesidades produtivas e sectoriais tanto para o aumento da produtividade como para a xeración de emprego.

O Real Decreto 659/2023, do 18 de xullo, polo que se desenvolve a ordenación do Sistema de Formación Profesional (en adiante, Real Decreto 659/2023) ten por obxecto o desenvolvemento do sistema único e integrado de Formación Profesional regulado pola Lei Orgánica 3/2022, que permita, por unha parte, a cualificación e recualificación permanente das persoas mozas e das



persoas traballadoras, ocupadas ou desempregadas, ao longo de todo o seu período vital e laboral e, por outra, o axuste entre a oferta formativa -en todos e cada un dos seus grados- e a demanda de traballo, incorporando e integrando na formación as transformacións froito da dixitalización, a transición ecolóxica e a sostibilidade en todos os sectores económicos, todo iso dende o traballo conxunto e compartido de todas as administracións ás que lles corresponda a xestión da Formación Profesional en cada territorio.

Así mesmo, recoñece a singularidade institucional das Corporacións Locais na posta en marcha e desenvolvemento das políticas de emprego, que se articulará a través do principio de cooperación e de convenios con outras Administracións.

A Consellería de Emprego, Comercio e Emigración e o Concello da Coruña comparten a crenza de que o capital humano é unha inversión prioritaria. Por iso, é necesario a ampliación e mellora das cualificacións, competencias, habilidades e da empregabilidade de persoas desempregadas e ocupadas, sinaladamente mediante a detección e atención das súas necesidades e intereses formativos e de readaptación profesional, así como a adaptación do seu perfil profesional ás demandas de empresas e sectores produtivos.

Polo exposto, estímase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, rexéndose nos seus efectos polo establecido nas súas cláusulas, e aplicándose a Lei 40/2015, do 1 de outubro; a Lei Orgánica 3/2022; o Real Decreto 659/2023; o Real Decreto 658/2024, de 9 de xullo, polo que se modifican o Real Decreto 132/2010, de 12 de febreiro, polo que se establecen os requisitos mínimos dos centros que impartan as ensinanzas do segundo ciclo da educación infantil, a educación primaria e a educación secundaria, e o Real Decreto 659/2023, polo que se desenvolve a ordenación do Sistema de Formación Profesional (en adiante, Real Decreto 658/2024).

Polo tanto, queda fora do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE y 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, con independencia de que, de acordo co previsto no artigo 4 da devandita norma, lle sexan de aplicación os principios desta Lei para resolver as dúbidas e lagoas que puidesen presentarse.

As dúas administracións pretenden, a través desta colaboración, proporcionar ás persoas participantes unha cualificación profesional que lles permita acceder con mellores condicións de empregabilidade ó mercado laboral, e que reciban os correspondentes certificados profesionais.



Antecedentes

O 12.03.2025 e o 28.03.2025 a Dirección Xeral de Formación e Cualificación para o Emprego solicitou á Asesoría Xurídica de Emprego, Comercio e Emigración informe sobre o convenio de colaboración entre a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración e o Concello da Coruña para a acreditación da formación para emprego impartida polo Servizo Municipal de Emprego do Concello.

Dita Asesoría Xurídica emitiu informe favorable o 09.04.2025.

O 22.04.2025 a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración e o Concello da Coruña subscribiron un convenio de colaboración con vixencia ata o 31.12.2025, co obxectivo de recoller as características e condicións que debía reunir a formación proposta polo Servizo Municipal de Emprego e Empresa do Concello para que as persoas alumnas participantes que finalizaran con avaliación positiva todos os módulos formativos recibiran os correspondentes certificados de profesionalidade.

O convenio non ten contido económico, pois o obxectivo é acreditar a formación para o emprego impartida polo Servizo Municipal de Emprego do Concello da Coruña.

A cláusula novena do convenio de colaboración establece que o dito convenio estará vixente dende o día seguinte á súa sinatura e ata o 31 de decembro de 2025, sempre que non medie denuncia dalgunha das partes formulada de forma fidedigna con tres meses de antelación, ou se dea por rematado en calquera momento por mutuo acordo entre as partes, previa comunicación polo menos cun mes de antelación, ou por causa maior. De ser necesario, asinaranse as correspondentes addendas de actualización das actividades formativas, así como a prórroga ou prórrogas da duración do convenio, que non suporán, necesariamente, salvo que o recollan expresamente, denuncia ou modificación do mesmo.

O 16.12.2025 o Concello da Coruña solicita a sinatura dunha addenda ao convenio por mor da actualización das actividades formativas recollidas no punto noveno da parte expositiva do dito convenio, para adaptalas á Lei Orgánica 3/2022; ao Real Decreto 659/2023; así como, ao Real Decreto 658/2024.

O Real Decreto 659/2023 establece no artigo 9.6.e) a obriga de que as persoas que inicien a súa formación en empresa ou organismo equiparado, deben ter adquiridas as competencias relativas aos riscos específicos e medidas de prevención de riscos laborais nas actividades profesionais correspondentes ao perfil profesional, segundo se requira na normativa vixente en materia de prevención de riscos laborais.



A mesma norma tamén exige, no seu artigo 71, que a formación en empresa en réxime xeral debe ter unha duración de entre o 25 e o 35% da duración total prevista do certificado profesional, e que debe incluír entre o 10 e o 20% dos resultados da aprendizaxe dos módulos profesionais que desenvolvan formación vencellada a estándares de competencia do Catálogo Nacional de Estándares de Competencias Profesionais

Estas novidades normativas supoñen a modificación das accións formativas que son obxecto de acreditación pola Consellería de Emprego, Comercio e Emigración no marco do convenio de colaboración, e que o Concello da Coruña executa no marco do proxecto Éfeso Coruña, cofinanciado coas axudas previstas no Programa de Emprego, Educación, Formación e Economía Social (ÉFESO), do Fondo Social Europeo Plus destinadas a entidades locais para proxecto de formación para o emprego.

Finalidade

Con motivo das novidades inxeridas polo Real Decreto 659/2023 e polo Real Decreto 658/2024 nos aspectos correspondentes á formación en empresa ou organismo equiparado, é preciso realizar unha addenda ao convenio de colaboración suscrito pola Consellería de Emprego, Comercio e Emigración e o Concello da Coruña coa finalidade de modificar os graos C que se recollen no punto noveno da parte expositiva do convenio, substituíndo o cadro que nel se recolle polo seguinte:

Denominación e código do certificado profesional	Nivel cualificación	Número de edicións	Horas PRL	Horas contidos específicos	Horas formación en empresa
Operacións básicas de cociña (HOTR0108)	1	3	60	262	88
Operacións básicas de restaurante e bar (HOTR0208)	1	4	60	210	80
Atención sociosanitaria a persoas dependentes en institucións sociais (SSCS0208)	2	4	60	337	113
Actividades auxiliares de almacén (COML0110)	1	5	60	157	53
Actividades auxiliares de comercio (COMT0211)	1	5	60	202	68
Operacións auxiliares de servizos administrativos e xerais (ADGG0408)	1	3	60	322	108
Servizos auxiliares de perruquería (IMPQ0108)	1	3	60	210	120



As novidades normativas que supoñen a modificación das accións formativas recollidas no convenio de colaboración supoñen a necesidade de modificar a súa cláusula novena co obxecto de prorrogar o período de vixencia do convenio. A vixencia inicial era ata o 31 de decembro de 2025, e mediante a sinatura desta addenda esténdese ata o 30 de xuño de 2027, data de finalización da execución do proxecto EFESO CORUÑA, tal e como se acordou o pasado 12 de setembro de 2025 pola dirección xeral de Cooperación Autonómica e Local do Ministerio de Política Territorial, en base ao disposto no apartado Decimoquinto da Convocatoria 2023 de axudas financiadas polo Programa de Empleo, Educación, Formación e Economía Social do Fondo Social Europeo Plus (FSE+), e no artigo 4.1.n) do Real Decreto 273/2024 do 19 de marzo, polo que se desenvolve a estrutura orgánica básica do Ministerio de Política Territorial e Memoria Democrática.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

A directora xeral de Formación e Cualificación para o Emprego

Zeltia Lado Lago

